

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 31 DE OUTUBRO DE 2012,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se regulan os furanchos da Comunidade Autónoma de Galicia.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se establecen as tarifas dos servizos sanitarios prestados nos centros dependentes do Servizo Galego de Saúde e nas fundacións públicas sanitarias.

INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Informe acerca do balance de actuación do Plan de control de verteduras.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre o estudo de eficiencia enerxética no sector do granito en Galicia 2012.
- Informe sobre o recurso de inconstitucionalidade en relación co Real decreto lei 1/2012, do 27 de xaneiro, polo que se procede á suspensión dos procedementos de preasignación de retribución e á supresión dos incentivos económicos para novas instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir de coxeración, fontes de enerxía renovables e residuos.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe de actividade sobre o programa de saúde pública Xente con Vida.

A XUNTA APROBA O DECRETO QUE REGULA OS FURANCHOS NA COMUNIDADE GALEGA

- ***O decreto regula tamén as tapas que poderán servir os furanchos***
- ***Poderán estar abertos entre o 1 de decembro e o 30 de xuño, cun máximo de tres meses***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto que regula os furanchos na comunidade autónoma galega, considerando os furanchos as casas particulares ou dependencias vinculadas en que os seus propietarios venden o exceso de viño da súa propia colleita, elaborado na casa para o seu consumo particular.

O decreto regula os requisitos que deben cumprir os furanchos, como que o viño non pode estar embotellado e debe proceder do barril directamente; poderán ofertarse un máximo de 5 tapas reguladas no presente decreto, a escoller entre a táboa de embutidos e queixos, pementos variedade Padrón, orella-chourizo, zorza-raxo, costela, ovos fritos, sardinas-xurelos á brasa, bandullo-feixoadada, tortilla de patacas, empanadas-empanadiñas e croquetas.

Antes de iniciarse a tempada de funcionamento, todos os furanchos deberán ter feito as declaracións obrigatorias do sector vitivinícola e regular a totalidade do seu viñedo no Rexistro Vitícola de Galicia, ademais, os titulares dos furanchos deberán cumprir coa normativa vixente relativa ás normas de hixiene, para a elaboración, distribución e comercio de comidas preparadas; así como cumprir coa normativa vixente en prevención e protección contra incendios e a sanitarias fronte ao tabaquismo.

Os establecementos que cumpran os requisitos poderán iniciar a súa actividade presentando unha declaración responsable do seu cumprimento, que será obxecto dunha comprobación por parte do concello correspondente. No momento de presentar esta declaración responsable os titulares dos furanchos sinalarán o período en que pretenden funcionar que deberá estar comprendido entre o 1 de decembro e o 30 de xuño e non pode ser superior aos tres meses.

Cada concello deberá crear un Rexistro de Furanchos para a inscrición de todos os furanchos que radiquen no seu ámbito territorial, dándolles conta aos órganos competentes en materia de turismo, medio rural e sanidade. E deberán vixiar e garantir o debido cumprimento das normas sen prexuízo das facultades

Os furanchos deberan ter á disposición dos clientes follas de reclamacións, emitir xustificantes de pagamento que detallen os prezos, exhibirán nun lugar visible un ramallo de loureiro co que tradicionalmente se identificaban a estes locais e deberán ter contratada unha póliza de seguro de responsabilidade civil.

APROBADO O DECRETO QUE ESTABLECE AS TARIFAS DOS SERVIZOS SANITARIOS PRESTADOS NOS CENTROS DEPENDENTES DO SERGAS A PACIENTES QUE NON SEXAN BENEFICIARIOS DA SEGURIDADE SOCIAL

- ***Así como naqueles casos en que, sendo beneficiarios, exista un terceiro obrigado ao pagamento***

O Consello da Xunta de Galicia acaba de aprobar o Decreto polo que se establecen as tarifas dos servizos sanitarios prestados nos centros dependentes do Servizo Galego de Saúde e nas institucións sanitarias públicas, a pacientes que non sexan beneficiarios da Seguridade Social, así como naqueles casos en que, sendo beneficiarios, exista un terceiro obrigado ao pagamento que deba asumir o gasto sanitario. Con carácter xeral, as tarifas actualízanse unha vez ao ano, o que da lugar á aprobación dun decreto con este carácter temporal.

Os servizos públicos de saúde deben solicitarlles aos terceiros obrigados ao pagamento o importe das atencións ou prestacións sanitarias facilitadas directamente ás persoas, incluído o transporte sanitario, a atención de urxencia, a atención especializada, a atención primaria, a prestación farmacéutica, a prestación ortoprotésica, as prestacións con produtos dietéticos, e a rehabilitación.

Considéranse terceiros obrigados ao pagamento nos supostos de: asistencia sanitaria prestada aos asegurados ou beneficiarios do sistema de Seguridade Social pertencentes á Mutualidade Xeral de Funcionarios Cívís do Estado, Mutualidade Xeral Xudicial ou Instituto de Forzas Armadas; asistencia sanitaria prestada aos asegurados ou beneficiarios nos supostos de empresas colaboradoras na asistencia sanitaria do sistema de Seguridade Social; asistencia sanitaria prestada nos supostos de accidentes de traballo ou enfermidades profesionais a cargo das mutuas de accidentes de traballo; seguros obrigatorios (de deportistas federados e profesionais, de vehículos de motor, de caza, de viaxeiros e seguro escolar); convenios ou concertos con outros organismos e entidades; e cidadáns estranxeiros nos supostos previstos expresamente.


Tamén están obrigados ao pagamento os accidentes acaecidos cos ocasión de eventos festivos, actividades recreativas e espectáculos públicos, no caso de que se subscribise contrato de seguro de accidentes ou responsabilidade civil, seguro escolar e calquera outro suposto no que, en virtude de normas legais ou regulamentarias, o importe das atencións ou prestacións sanitarias deba ser a cargo das entidades correspondentes a terceiros.

MEDIO AMBIENTE INCREMENTA A SÚA PRESIÓN SOBRE A CONTAMINACIÓN NAS RÍAS E RÍOS DE GALICIA CON MÁIS DE 3.000 INSPECCIÓN DE VERTEDURAS ESTE ANO, UN 34% MÁIS QUE EN 2011

- *Emendáronse 970 verteduras contaminantes grazas ás actuacións administrativas de supervisión, asesoramento e presión sobre os titulares destes puntos*
- *Esta presión materialízase nos máis de 1.200 expedientes sancionadores que a Administración hidráulica de Galicia incoou nos últimos 5 anos*
- *O Plan de control de verteduras realiza un exhaustivo seguimento dos puntos inventariados nas rías, dos que menos dun terzo son contaminantes, cifra que se reduce día a día polo traballo da Xunta de Galicia e coa colaboración de todos*

O Consello da Xunta deu conta esta mañá do informe sobre o traballo de Augas de Galicia para o control de eliminación das verteduras contaminantes na demarcación hidrográfica de Galicia Costa.

Segundo consta no informe presentado hoxe a Consellería de Medio Ambiente, a través de Augas de Galicia, leva realizadas un total de 8.609 inspeccións desde 2009 que se complementan coas cerca de 5.038 mostras recollidas nas cales se analizou unha totalidade de 32.970 parámetros. O traballo intensificouse ao longo desta lexislatura e para este ano 2012 estímase que ao final se terán feitas máis de 3.000 inspeccións (2.600 ata o momento), segundo amosa o gráfico inferior, o que supón un 34% máis que en 2011.



O Plan de control de verteduras é unha potente ferramenta con que conta Augas de Galicia para acadar estes obxectivos, completando os medios con que conta a Administración hidráulica de Galicia e optimizando as súas funcións de inspección e control das verteduras ao dominio público hidráulico e desde terra ao litoral galego (especialmente ás rías de Galicia).

Para isto traballa un equipo multidisciplinar, formado por licenciados en bioloxía ou químicas, enxeñaría de camiños e outro persoal técnico e de campo, que suman unha totalidade de 21 persoas organizadas en tres oficinas de traballo coordinadas por un servizo central. O investimento anual da Xunta de Galicia é de 1,75 millóns de euros.


Augas de Galicia, a través do Plan de control de verteduras levou a cabo unha labor de levantamento de información e seguimento de todas as verteduras da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa, mediante campañas das redes fluviais, campañas das rías, inspeccións cos gardas fluviais a empresas, inspeccións con técnicos municipais a puntos da súa competencia e inspeccións para a atención de alertas.

Debido ás funcións e competencias que ten asignadas Augas de Galicia, o Plan de control de verteduras inventaría puntos tanto en dominio público hidráulico (DPH) como en dominio público marítimo-terrestre (DPMT).

Como consecuencia deste intenso traballo de inventariado e seguimento dos puntos de vertedura Augas de Galicia emendou nesta lexislatura que termina 970 verteduras contaminantes grazas ás actuacións administrativas de supervisión, asesoramento e presión sobre os titulares destes puntos de vertedura. Esta presión materialízase nos máis de 1.248 expedientes sancionadores que a Administración hidráulica de Galicia incoou nos últimos 5 anos.

Saneamento das rías

Desde Augas de Galicia considérase prioritaria a protección das rías galegas, dado o alto valor biolóxico, paisaxístico e cultural. Por este motivo, dentro dos seus labores, o PCV realiza un exhaustivo e sistemático seguimento do total de puntos inventariados nas rías, dos que 341 son contaminantes, cifra que se reduce día a día polo traballo da Xunta de Galicia e coa colaboración de todos. Así, contrariamente ao que se pensa, menos dun terzo das verteduras, no día de hoxe, son contaminantes.



Protocolo de actuacións

O Plan de control de verteduras ten establecido un protocolo de actuacións coa Axencia Galega de Emerxencias (Axega) que garante a correcta atención e resposta ás alertas en materia de verteduras que recibe o servizo de atención de emerxencias 112.

Desde 2009, o número total de alertas comunicadas polo Servizo de Emerxencias (112) e atendidas polo PCV ascende a 560.

Ademais, atendéronse 436 alertas comunicadas dende outros organismos da Xunta, particulares a medios de comunicación.

Para facilitar a imprescindible colaboración cidadá, pódese tamén comunicar unha vertedura ao río ou ao mar a través da súa páxina web.

Esforzo en saneamento

Cómpre lembrar que na comunidade galega, no día de hoxe, existen 145 depuradoras cunha capacidade de tratamento equivalente maior de 2.000 habitantes; outras 11 en execución; e restan 4, con perspectiva a curto prazo. Con estas infraestruturas hidráulicas poderíase dar por cumprida a normativa europea en materia de tratamento de augas residuais antes de 2016.

Por outra banda, desde a Xunta destácase que na actualidade están en execución os dous maiores investimentos do Goberno galego en materia de saneamento e depuración. Trátase do saneamento da marxe sur da ría de Ferrol e norte da ría de Ares, cun compromiso de gasto que alcanza os 67 millóns de euros; e a nova EDAR de Vigo, cun convenio en que a Xunta achega 104 millóns de euros, o maior investimento da Xunta de Galicia nunha infraestrutura hidráulica.

ECONOMÍA E INDUSTRIA DETECTA QUE O SECTOR DO GRANITO PODERÍA GASTAR UN 20% MENOS EN ENERXÍA CON MEDIDAS DE AFORRO E EFICIENCIA

- *Un estudo elaborado polo Inega reflicte que as canterías e a industria transformadora acadarían un aforro económico conxunto de 3 millóns de euros ao ano aplicando as propostas*
- *O informe salienta que o consumo medio das empresas do sector ascende, anualmente, ata os 18.213 tep de enerxía, que se poderían diminuír en preto de 2.500 tep por exercicio*
- *O axuste da potencia eléctrica contratada; a implantación dun sistema de xestión enerxética con aforros de ata 12.000 euros ao ano; ou as melloras na instalación de aire comprimido son algunhas das solucións propostas para as canterías*
- *A instalación de variadores de frecuencia, con aforros de 15 tep e 17.000 euros por exercicio, ou a mellora nas instalacións de iluminación, entre os consellos propostos para as industrias transformadoras*
- *Ao documento, para o cal se auditaron 9 empresas representativas do sector, pódese acceder a través da web do Inega e será difundido entre as industrias do sector coa repartición de 500 exemplares*

A Consellería de Economía e Industria, na súa aposta pola promoción do aforro e a eficiencia enerxética, realizou a través do Instituto Enerxético de Galicia un estudo de optimización enerxética da industria do granito co obxectivo de reducir os custos de funcionamento e incrementar a produtividade e a competitividade dun sector clave para a economía galega.

Segundo este estudo, presentado hoxe no Consello da Xunta, para cuxa elaboración se realizaron auditorías enerxéticas nunha mostra de 9 empresas representativas desta industria, tanto polas súas dimensións como polos campos de actuación, o potencial medio de aforro de enerxía en canterías e industria transformadora é do 14%, o que se traduce nun aforro económico anual próximo ao 20%. Tendo en conta que o consumo enerxético por exercicio supón un gasto superior aos 16,5 millóns de euros, as empresas do sector poden aforrar máis de 3 millóns de euros ao ano aplicando as medidas propostas.

Este traballo encádrase na serie de estudos que está a realizar a Consellería, a través do Inega, dos distintos sectores produtivos da economía galega. Xa se presentaron informes centrados en promover o aforro e a eficiencia enerxética do sector téxtil, do da madeira, das explotacións de leite ou das embarcacións de pesca. Ademais, estase a traballar noutro que beneficiará a propia Administración.

O informe salienta que o consumo medio das empresas do sector ascende, anualmente, ata os 18.213 tep de enerxía, e para a súa utilidade e comprensión divide a análise nos dous grandes grupos da industria: dun lado, as cantarías, e doutro, as empresas transformadoras.

No primeiro grupo, unha cantaría presenta, de media, un consumo de enerxía de 269 tep, o que representa un custo de 220.000 euros. A enerxía máis consumida é o gasóleo, que supón o 83% do total. Dos datos recompilados conclúese que, para a extracción dun metro cúbico de granito, empréganse 199 kWh, cun custo económico de 13,9 euros.

Entre as propostas para reducir gasto, inclúense o axuste da potencia eléctrica contratada, que permite un aforro económico superior aos 5.000 euros por empresa; a implantación dun sistema de xestión enerxética, que proporcionaría unha diminución dos consumos de 16 tep/ano, o que se traduce en 12.000 euros por exercicio; ou as melloras na instalación de aire comprimido, que poden chegar a supor unha redución de custos de ata 17.000 euros.

Pola súa banda, unha industria transformadora emprega, de media, 366 tep/ano para a produción das diferentes pezas de granito con distintos niveis de acabado, o que supón un custo de 373.000 euros. Neste caso, a enerxía máis demandada é a eléctrica, que suma o 87% do total, sendo necesarios, para a obtención dun metro cadrado de granito, 17,5 kWh e 1,63 euros.

Neste caso, as melloras nas condicións de facturación poden supor aforros de ata 11.000 euros ao ano, mentres que a instalación de motores eléctricos de alta eficiencia permitiría reducir os consumos anuais en 4,2 tep, o que implica un aforro dun 4.400 euros por exercicio. A instalación de variadores de frecuencia, con aforros de 15 tep e 17.000 euros por exercicio, ou a mellora nas instalacións de iluminación, que reduciría os custos en máis de 2.000 euros por exercicio, son outras das medidas propostas para as industrias transformadoras do granito.

O estudo trasladado ao Consello da Xunta, ademais de facer propostas concretas de aforro ás empresas auditadas para a súa elaboración, será difundido entre as industrias do sector, coa finalidade de que as medidas propostas lles poidan servir de guía. Para iso, distribuiranse 500 exemplares e a publicación tamén se atopará á disposición do sector e dos cidadáns na páxina web do Inega –www.inega.es–.

A XUNTA DE GALICIA DEFENDE A NECESIDADE DUN MARCO RETRIBUTIVO ESTABLE PARA O DESENVOLVEMENTO DA ENERXÍA EÓLICA GALEGA

- ***O Goberno galego presentou un recurso de inconstitucionalidade ao Real decreto-lei 1/2012 , do 27 de xaneiro, polo que o Executivo central suprimiu con carácter temporal os incentivos económicos para novas instalacións de xeración eléctrica de orixe renovable, coxeración e residuos***
- ***A Xunta comparte co Goberno central a necesidade de solucionar o problema do déficit de tarifa pero considera que a decisión tomada non beneficia ao desenvolvemento dun sector estratéxico para Galicia***
- ***O Executivo autonómico propón o establecemento dun novo marco que achegue certeza, garantía e estabilidade durante toda a vida da instalación***

A Xunta de Galicia continúa a defender a necesidade dun marco retributivo estable para o desenvolvemento da enerxía eólica. Por este motivo, o Consello da Xunta de Galicia aproba a presentación, por parte da Consellería de Economía e Industria, dun recurso de inconstitucionalidade ao Real decreto-lei 1/2012, do 27 de xaneiro, polo que o Executivo central suprimiu con carácter temporal os incentivos económicos para novas instalacións de xeración eléctrica de orixe renovable, coxeración e residuos.

A Consellería de Economía e Industria comparte co Goberno central a necesidade de solucionar o problema do déficit de tarifa, situación herdada do goberno socialista que levou a un déficit insustentable de 24.000 millóns de euros, que poderían chegar a 40.000 millóns no ano 2020 se non se executasen medidas axeitadas. No entanto, non está de acordo coa utilización da fórmula xurídica de "real decreto-ley, cuestionando o seu carácter "extraordinario e de urxente necesidade" (requiridas polo artigo 86.1 da Constitución) no momento da súa publicación.

A Xunta considera que o real decreto-lei atenta contra a seguridade xurídica e xera incerteza nos axentes investidores, afecta o lexítimo e pacífico exercicio das competencias propias da Comunidade Autónoma de Galicia e non está adecuadamente xustificado. Ademais, entre os argumentos da Consellería atópase que este Real Decreto terá un impacto económico limitado a curto prazo no que lle compete ao déficit de tarifa, un problema xa coñecido desde hai anos.

Por iso, o Goberno galego propón a adopción dun novo marco para a enerxía eólica que achegue certeza, garantía e estabilidade durante toda a vida da instalación; que contribúa a acadar os obxectivos de penetración de renovables cara ao ano 2020, fixadas nas directivas europeas; e que incentive a redución de custos.

Ademais, o novo marco debería favorecer a implantación dos proxectos máis eficientes e non supor un sobrecusto para o sistema, polo menos mentres non se acade o déficit anual cero.

XENTE CON VIDA ALCANZA MÁIS DE MEDIO MILLÓN DE PERSOAS EN FACEBOOK NO SEU SÉTIMO MES DE VIDA

- ***As mensaxes do seu perfil en Facebook suman xa 5.268.415 impactos***
- ***Xa conta con máis de 2.000 fans nesta rede social***
- ***A web e o blog superan as máis de 152.000 visitas en sete meses***
- ***Os contidos máis visitados polos usuarios son sobre consellos para alimentarse mellor; como manter o peso dentro dos límites normais; os nutrientes do ovo; a comparación entre alimentos similares; e os mitos arredor da alimentación***
- ***O proxecto comezou centrado na alimentación saudable e, desde o mes de setembro, ampliou o seu abano temático coa inclusión dunha nova categoría: o exercicio físico***

A Consellería de Sanidade presentou un informe ao Consello da Xunta sobre a evolución do proxecto en liña Xente con Vida (<http://www.xenteconvida.es>), que constata un alcance de máis de medio millón de persoas en Facebook no seu sétimo mes de vida, das cales preto de 2.000 interactuaron con esta mensaxe (como pode ser colgándoa no muro, comentándoa ou premendo o botón "Gústame").

Deste xeito, o proxecto Xente con Vida suma xa en Facebook 5.268.415 mensaxes vistas (dato referido ao número de veces que se viron as mensaxes publicadas), ao mesmo tempo que o seu perfil ten xa máis de 2.000 fans.

Asemade, a iniciativa ten na rede social Twitter máis de 230 seguidores rexistrados, mentres que a páxina web e o blog do proxecto alcanzaron pola súa banda as 152.000 páxinas vistas desde a súa posta en marcha o pasado 30 de marzo.

Contidos ampliados ao exercicio físico

Xente con Vida comezou centrada na alimentación saudable, tratando todo tipo de asuntos relacionados con esta temática, tales como os almozos e as merendas para os rapaces, receitas equilibradas, consellos sinxelos relacionados coa alimentación, ou información útil para o día a día.

Ademais, desde o mes de setembro, o proxecto ampliou o seu abano temático coa inclusión dunha nova categoría: o exercicio físico, co obxectivo de achegar un maior valor á comunidade con temáticas como a actividade física recomendada por grupos de idade, as actividades físicas vs. o gasto calórico ou recomendacións útiles para o día a día.

Información para os distintos grupos de poboación

Neste sentido, o blog trata temas e aspectos específicos con maior detalle e os perfís de Facebook e Twitter permiten transmitir a información e conversar coa cidadanía. Os contidos desta iniciativa están enfocados á realidade galega, con mensaxes claras, de

doadada comprensión, continuas e accesibles. Estes contidos elabóranse en función dos diferentes grupos de poboación.

Con todo, a web e o blog de Xente con Vida sumaron 152.220 páxinas vistas e 35.811 visitas. Así mesmo, os artigos da web teñen unha valoración moi positiva por parte dos cidadáns, cunha media de case 4 puntos sobre 5 posibles, e hai xa máis de 1.200 participacións rexistradas nas súas enquisas e tests.

Os contidos máis visitados polos usuarios son sobre consellos para alimentarse mellor; como manter o peso dentro dos límites normais os nutrientes do ovo, a comparación entre alimentos similares, e os mitos arredor da alimentación.

Pola súa banda, nas redes sociais, as publicacións que suscitan máis interese son as relacionadas coa dieta mediterránea, os alimentos funcionais, a actividade física entre os 18 e os 64 anos e a froita de tempada.